

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA DE PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA.

ANUNCIO

Aos efectos de cumprimentar o disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local se publica íntegro o texto da “ORDENANZA DE PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA DO CONCELLO DE SANXENXO” unha vez aprobada definitivamente por non terse presentado ningunha reclamación á aprobación inicial.

ORDENANZA DE PROTECCIÓN DA ATMOSFERA

TÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 1.—Obxecto da Ordenanza

A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico do procedemento de avaliación ambiental de actividades, situacións e instalacións que sexan susceptibles de producir fumes, po, gases, bafos, vapores e cheiros no termo municipal, para evitar a contaminación atmosférica e o prexuízo que ocasione no marco do establecido na Lei 8/2002, do 18 de decembre, de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia.

Artigo 2.—Ámbito de aplicación

Queda sometida ás prescricións da presente ordenanza, de obrigada observancia dentro do termo municipal, toda actividade, infraestrutura, equipo, maquinaria ou comportamento que xere contaminación atmosférica en calquera das modalidades previstas no seu articulado, con independencia de seu titular, promotor ou responsable e do lugar, público ou privado, aberto ou pechado, no que estean situados.

Artigo 3.—Réxime de Comunicación Previa ou Autorización municipal

1.—As esixencias que se establezan para o exercicio das actividades a que se refire esta ordenanza, serán controladas ben por medio da pertinente autorización municipal, ben logo da presentación da comunicación previa.



Luns, 31 de xullo de 2017

Núm. 145

2.—As actividades comunicadas ou autorizadas estarán suxeitas a vixilancia permanente por parte da Administración, podendo no seu caso establecerse as medidas correctoras esixibles ante focos potenciais de contaminación acústica.

Artigo 4. Actividades potencialmente contaminantes

A determinación das actividades potencialmente contaminantes axustarase ao disposto na lexislación vixente.

Artigo 5.—Contaminación Atmosférica

Aos efectos desta ordenanza, enténdese por contaminación atmosférica, a presenza no aire de materias que impliquen risco, dano ou molestias para as persoas, seus bens, animais e/o medio ambiente.

Artigo 6.—Competencia

Corresponde o Concello de Sanxenxo exercer, de oficio ou a instancia de parte, o control do cumprimento do establecido na presente ordenanza, esixir a adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións e prohibicións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplicar as sancións correspondentes.

Artigo 7.—Evacuacións ao exterior

1.—As operacións susceptibles de desprender emanacións molestas deberán efectuarse en locais acondicionados, co fin de que estas non trascendan ao exterior. Cando esta medida sexa insuficiente, os locais deberán estar completamente pechados e contar con chemineas para a evacuación do aire ao exterior ou con sistemas alternativos e/ou complementarios de depuración de igual eficacia.

2.—Cando se trate de emanacións molestas, nocivas ou insalubres, a evacuación ao exterior efectuarase con depuración previa que garanta que, en ningún caso, se superen os valores establecidos para cada tipo de elemento ou composto pola lexislación específica vixente.

3.—Cando se trate de po ou gases combustibles, deberán adoptarse as necesarias precaucións para impedir que actúen como vectores de propagación do lume, segundo o establecido na lexislación sectorial vixente



TÍTULO II
Xeradores de Calor

Capítulo I
Condições de Instalación e mantemento

Artigo 8.—Instalacións de combustión afectadas

1.—Todas as instalacións de combustión, de uso industrial ou doméstico, tanto as utilizadas para calefacción, auga quente, así como as caldeiras de vapor, fogares, fornos, e en xeral todas as instalacións de potencia calorífica superior a 25.000 Kcal/h. deberán cumprir as condicións da presente ordenanza.

2.—As instalacións cuxa potencia calorífica nominal sexa inferior a 25.000 Kcal/h., pero que pola súa situación, características propias ou das súas chemineas de evacuación, supoñan un risco potencial ou real de contaminación atmosférica ou unha acusada molestia para a veciñanza, a xuízo dos Servizos Técnicos municipais, estará obrigadas a adoptar as oportunas medidas correctoras que se establezan.

3.—O resto de instalacións con potencia calorífica nominal inferior a 25.000 Kcal/h. poderán evacuar a patio interior ou, de non ser posible, a fachada, tomando as medidas para minimizar o impacto.

Artigo 9.—Prohibición

Queda prohibida, con carácter xeral, toda combustión que non se realice en fogares adecuados, provistos dos dispositivos de captación, depuración, conducción e evacuación pertinentes.

Artigo 10.—Certificación e homologación

Os aparellos térmicos instalados deberán corresponder a tipos previamente homologados e certificados.

Artigo 11.—Emisión de contaminantes

Os niveis de emisión de contaminantes e opacidade de fumes dos xeradores de calor deberán axustarse aos límites fixados na lexislación vixente.

Artigo 12.—Rendemento dos equipos

Os rendementos mínimos dos xeradores de calor serán os que, o respecto, fixe a normativa vixente en cada momento. O titular da actividade correspondente estará obrigado a substituír os elementos defectuosos, cambiar a instalación e, no seu caso, adoptar as pertinentes medidas correctoras que garantan o cumprimento dos rendementos especificados en dita normativa.



Capítulo II
Dispositivos de Conducción e Evacuación

Artigo 13.—Conduitos de evacuación

Os fumes, bafos, vapores e outros efluentes contaminantes, calquera que sexa o seu orixe, deberán evacuarse o exterior mediante conduitos ou chemineas, nas condicións e características prescritas nesta ordenanza.

Artigo 14.—Criterios de construción de chemineas

As chemineas de instalacións domésticas, industriais e de calefacción ou produción de auga quente centralizada, deberán axustarse aos criterios de construción contidos na lexislación vixente e segundo o establecido no artigo 19 desta ordenanza.

Artigo 15.—Protección de chemineas

As chemineas e os correspondentes conduitos de unión deberá construírse con materiais inertes ou resistentes á corrosión dos produtos a evacuar e, no caso de que os mesmos poidan atoparse a temperatura distinta da ambiental, separaranse de calquera construción ou local alleo o usuario un mínimo de 5 cm., sen que poidan estar en contacto, excepto que se estableza un calorífugo ou illamento adecuado, de xeito que durante a súa utilización non se produzan incrementos de temperatura en paramentos de locais alleos.

Artigo 16.—Deseño do tiro das chemineas

As chemineas deberán asegurar un perfecto tiro, con unha velocidade do fumes adecuada para evitar a saída de lapas, chispas en ignición, cinzas, feluxe e partículas, en valores superiores aos permitidos.

Artigo 17.—Dispositivos de control en chemineas

As instalacións deberán ter dispositivos adecuados nos tubos e conduitos de fumes, portas dos fogares, etc., que permitan efectuar a medición da presión na cheminea e caldeira, temperatura do gas, análises dos gases de combustión e cantos controis sexan necesarios para comprobar as condicións do seu funcionamento, segundo o disposto na lexislación vixente.

Artigo 18.—Limpeza das chemineas

Queda prohibido, en calquera caso, a limpeza dos conduitos de evacuación e chemineas mediante soplado de aire o exterior.



Artigo 19.—Altura de evacuación

As chemineas pertencentes aos sistemas de evacuación das fontes fixas de combustión terán unha altura superior a un metro de toda edificación propia ou de terceiros situada dentro dun círculo de radio de 10 metros con centro na cheminea.

Artigo 20.—Particularidades urbanísticas

Cando a consecuencia da edificación dun inmovible veciño inmediato de altura non superior á máxima permitida nas normas urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación Municipal, unha cheminea industrial ou conduto deixara de cumprir os requisitos de altura establecidos, o propietario ou usuario da nova edificación, deberá realizar a obra oportuna para que a cheminea teña a altura que corresponda á nova situación.

Capítulo III
Focos de Orixe Industrial

Artigo 21.—Autorización municipal

Non se poderá instalar, ampliar ou modificar ningunha actividade potencialmente contaminante da atmosfera sen a correspondente autorización municipal, sen prexuízo do que dispuñan os demais organismos competentes na materia e conforme á lexislación vixente.

Artigo 22.—Límites de emisión e inmisión

Os límites de emisión e inmisión, así como a determinación do nivel dos mesmos, axustaranse ao disposto nas normas específicas vixentes.

Artigo 23.—Evacuación

A evacuación de gases, pos, fumes, etc., á atmosfera farase a través de chemineas. A altura dos condutos de evacuación das instalacións industriais determinarase segundo o disposto nas normas específicas vixentes, podendo esixirse unha altura adicional de acordo coa situación do conduto respecto de outras edificacións.

Artigo 24.—Toma de mostras

As chemineas das instalacións industriais deberán estar provistas dos orificios precisos para poder realizar a toma de mostras de gases e pos, debendo estar dispostos de xeito que se eviten turbulencias e outras anomalías que podan afectar á representatividade das medicións, de acordo coas especificacións contidas na lexislación vixente.



TÍTULO III
Actividades Varias

Capítulo I
Acondicionamento de locais

Artigo 25.—Emisión cheiros non molestos

Cando se trate de evacuación propia de instalacións de renovación de aire, acondicionamento ou calquera outros que non emitan cheiros molestos, a eliminación do aire axustarase ao seguinte:

a) A evacuación de aire quente ou enrarecido, realizarase de xeito que cando o volume de aire evacuado sexa inferior a 0,2 metros cúbicos por segundo, o punto de saída de aire distará como mínimo 2 metros de calquera oco de fiestra situada en plano vertical, e a altura mínima sobre a beirarrúa será de 2 metros e estará provista dunha reixa de 45º de inclinación que oriente o aire cara arriba.

b) Si este volume é superior a 0,2 metros cúbicos por segundo, distará como mínimo, 2 metros de calquera fiestra situada en plano vertical, e 3,5 metros ou a maior distancia posible das situadas en distinto paramento, igualmente deberá conservar a altura mínima con respecto o chan e o ángulo de inclinación referido no anterior apartado.

Artigo 26.—Condensación

Todo aparato ou sistema de acondicionamento que produza condensación terá necesariamente unha recollida e condución de auga eficaz, que impida que se produza goteo o exterior.

Artigo 27.—Saídas independentes

Cando as diferentes saídas o exterior estean en fachadas distintas ou a mais de 5 metros de distancia, consideraranse independentes. Nos demais casos aplicaranse efectos aditivos, para o que se considerará como caudal a suma dos caudais de cada unha de elas.

Capítulo II

*Normas a cumprir por cociñas en establecementos de hostalería
e de fabricación e de elaboración de artigos de alimentación*

Artigo 28.—Conduos de evacuación

Os establecementos de hostalería, tales como restaurantes, cafeterías, cafés, bares, pizzerías, hamburgeserías, bocaterías e similares, que realicen operacións de preparación de alimentos, así como as actividades artesanais e de elaboración e fabricación de artigos de alimentación, que orixinen gases, fumes, bafos, estará dotados de conduos de evacuación que cumpran o previsto nesta ordenanza.



Artigo 29.—Criterios para a evacuación de fumes

1.—Como criterio xeral, a evacuación de fumes realizarase a través de chemineas dotadas dos sistemas de depuración correspondentes, segundo se especifica na presente ordenanza.

2.—Excepcionalmente poderán autorizarse outros sistemas alternativos de evacuación de similar eficacia, tendo en conta as seguintes circunstancias:

- a) Problemas estruturais que puidera levar a instalación da cheminea.
- b) Tipo de edificio (catalogado, histórico, etc.)
- c) Non autorización para a instalación da cheminea pola comunidade de propietarios.
- d) Locais sen acceso a patio comunal ou sen posibilidade de instalación da cheminea
- e) Calquera outra circunstancia que se estime oportuna

Estes sistemas alternativos de evacuación deberán dispor de filtros que garantan a adecuada depuración previa dos efluentes a evacuar e serán das características seguintes:

Sistema de captación e filtración de fumes con saída o exterior mediante aire acondicionado ou sistema de extracción por fachada.

Realízase a través de depuradores electrónicos de alta eficacia, con filtros que garantan a adecuada depuración dos efluentes a evacuar.

A instalación destes depuradores deberá estar concibida de xeito que se eviten influencias nocivas sobre a calidade do medio ambiente e espazos comunitarios, debendo incorporar no seu deseño e con este fin cantas aportacións técnicas sexan precisas, e tendo en conta as seguintes circunstancias:

- a) Non será posible a evacuación de gases a patios de parcela
- b) O caudal total a depurar procedente de todos os elementos produtores de fumes existentes non será superior a 1 metro cúbico por segundo (3.600 metros cúbicos por hora).
- c) A distancia da saída de evacuación o chan ou beirarrúa non será inferior a 2,2 metros, medidos dende súa aresta inferior.
- d) O sistema de evacuación de fumes e cheiros terá como condicionante a utilización exclusiva de receptores eléctricos, non podendo utilizarse con receptores a gas, GLP ou similares e deberá constar dos seguintes compoñentes e procesos: sistema de filtración mecánico para as partículas de maior tamaño, sistema de filtración húmido condensador de graxas, sistema de filtración electrostático, xerador de ozono para o tratamento do aire contaminado, turbina extractora, circuito cerrado de caudal de aire e conduto de evacuación de aire tratado o exterior.



Luns, 31 de xullo de 2017

Núm. 145

Unha vez concluído o sistema de depuración poderase verter o exterior o tratarse exclusivamente de aire quente, conforme ao establecido no artigo 25 da presente ordenanza e lexislación vixente.

As instalacións deste tipo deberán contar don un libro de mantemento, no que se anoten as revisións periódicas que se realicen por empresas especializadas, limpeza e cambios de filtros.

A memoria que acompañe o proxecto deberá incluír un estudo técnico cuxos contidos mínimos serán os seguintes:

a) Xustificación da imposibilidade de realizar a evacuación de fumes a cuberta nas condicións establecidas nesta ordenanza.

b) Plano de planta e sección da cociña

c) Planos de detalle do sistema de extracción (captación, condutos, depuración e evacuación), con indicación de partes accesibles para comprobación e limpeza.

d) Aparellos produtores de fumes, cheiros e gases instalados (indicando características, situación, dimensións, consumos, etc.) e combustible utilizado.

e) Xustificación de que o caudal total xerado por todos os elementos produtores de fume existentes na cociña e polo tanto, que é necesario depurar, non será superior a 1 m³/segundo (3.600 metros cúbicos/hora)

f) Características técnicas e eficacia dos distintos filtros.

g) Características da evacuación en fachada incluíndo plano da mesma, no que se grañen as rexas ou outros elementos necesarios da evacuación, alturas sobre a beirarrúa, distancias do punto de saída do aire a fiestras ou ocos, etc.

h) Certificación pola empresa e/ou técnico competente de que o equipo de filtración é adecuado e suficiente a actividade a desenrolar.

i) Programa de mantemento, validado pola empresa instaladora (operacións a realizar, limpeza do sistema de captación, limpeza do sistema de conducción, limpeza do sistema de filtrado, extractores, rexas de fachada, periodicidade, etc., segundo o caudal de aire a depurar). Deberá aportar contrato coa empresa que levará a cabo o mantemento.

As licenzas concedidas a locais que instalen sistemas de filtración para evacuación por fachada estarán condicionadas o correcto mantemento do sistema de depuración e a ausencia de molestias constatadas aos veciños, debendo aportar anualmente certificado do correcto funcionamento e mantemento das instalacións de depuración emitido por Entidade de Control ou técnico competente e contrato con empresa especializada de mantemento, que deberá manterse mentres funcione a actividade.

O funcionamento incorrecto das instalacións de depuración, a falta de mantemento das mesmas ou a inexistencia de contrato con empresa especializada de mantemento que produzan molestias aos veciños será motivo de revogación da licenza sen prexuízo das infraccións que puideran imponse por este motivo.

Código seguro de verificación: OQW685VOHKEDZ7B2



Artigo 30.—Suplementación dos sistemas de filtrado

Si a evacuación de fumes a través de chemineas, aínda realizándose nas condicións establecidas nesta ordenanza, resultase molesta pola percepción de cheiros, ou a emisión de partículas, procederase a suplementar os sistemas de filtrado ata conseguir súa total inocuidade.

Artigo 31.—Preparación de alimentos na vía pública

Queda prohibido, con carácter xeral para os establecementos referidos no artigo 28 da presente ordenanza, dispor na vía pública aparellos ou instalacións fixas ou móbiles destinadas á preparación de alimentos, tales como barbacoas, asadores, planchas, parrillas, etc.

*Capítulo III**Normas a cumprir por garaxes, aparcamentos e talleres***Artigo 32.—Normas a cumprir por garaxes, aparcamentos e talleres**

1.—Tódolos garaxes, aparcamentos e talleres de reparación de automóbiles, tanto públicos como privados, deberán dispor da ventilación suficiente que garanta que en ningún punto dos mesmos poda producirse acumulación de contaminantes debido o funcionamento dos vehículos.

2.—A este respecto, deberán cumprirse as prescricións especificadas no Plan Xeral de Ordenación Municipal e na lexislación sectorial vixente.

*Capítulo IV**Outras actividades***Artigo 33.—Incineración de residuos**

1.—Non poderán queimarse residuos de ningunha clase (domésticos, industriais ou de calquera orixe) sen previa autorización municipal, debendo contar, en todo caso, coa instalación adecuada que garanta que os gases e fumes evacuados non superen os límites establecidos.

2.—Queda prohibida a instalación de xeradores ou fornos de incineración de residuos urbanos, ou doutra índole, tanto en fincas como establecementos, privados ou públicos.

3.—Sen embargo, cando razóns de carácter sanitario ou problemas para a saúde pública o aconsellen, poderanse autorizar instalacións de incineración en establecementos tales como hospitais, sanatorios, tanatorios, etc., (establecementos de natureza sanitaria), que cumpran estritamente, e en todo momento, os límites de emisión establecidos e, así mesmo, posúan adecuadas chemineas independentes doutros xeradores, e súa altura e colocación cumpran co establecido na presente ordenanza.



4.—En todo caso, este tipo de instalacións deberá contar con autorización municipal expresa, cuxas medidas poderán ser en calquera momento suplementadas si seu funcionamento da lugar a emisións anormais por incumprimento das condicións esixidas.

Artigo 34.—Limpezas industriais e tinturerías

Nas industrias de limpeza de roupa e tinturerías se esixirán chemineas de ventilación dos locais, aparte das propias dos xeradores de calor e aparellos de limpeza.

En determinados casos e mediante autorización municipal expresa, poderase prescindir de cheminea nos aparellos de limpeza de roupa, sempre que estean dotados de depuradores adecuados que garantan a inocuidade dos mesmos.

Artigo 35.—Plantas de aglomerado asfáltico

As instalacións provisionais de plantas de aglomerados asfálticos para abastecemento a determinadas obras públicas, deberán dispor da correspondente autorización ou licenza municipal e respectar os niveis de emisión establecidos na lexislación vixente.

Artigo 36.—Actividades produtoras de po

Nas obras de derribo, movementos de terras, extracción e clasificación de áridos, e en todas aquelas actividades que orixinen produción de po, se tomarán as precaucións necesarias para reducir a contaminación ao mínimo posible, evitando a dispersión, de acordo co establecido na normativa vixente.

*TÍTULO IV**Réxime de Control e Inspección***Artigo 37.—Control e seguimento**

Corresponde o Concello de Sanxenxo o exercicio das potestades administrativas ordenadas á prevención, vixilancia, corrección e sanción ambiental nas materias obxecto da presente ordenanza, que se levará a cabo de acordo co previsto na Lei 8/2002, de 18 de decembro, de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia e calquera outra normativa que lle sexa de aplicación.

As instalacións suxeitas a esta ordenanza deberán manterse en perfecto estado de conservación e limpeza.

A tal Efecto, ditas instalacións de combustión ou evacuación/extracción deberán revisarse, manterse e limparse nas condicións técnicas adecuadas, debéndose aportar con carácter anual, aos Servizos Técnicos municipais competentes, por parte do titular, o certificado expedido por un instalador autorizado ou por un facultativo competente dos servizos de mantemento da empresa.



Luns, 31 de xullo de 2017

Núm. 145

En dito certificado farase constar explicitamente que efectuouse a limpeza das partículas adheridas ás paredes do conduto de evacuación e extracción, que se efectuaron os reglaxes oportunos e se comprobaron os sistemas de depuración, debendo constar, así mesmo, as datas en que efectuaron os traballos descritos.

TÍTULO V
Réxime Sancionador

Artigo 38.—Réxime Sancionador

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 8/2002, de 18 de decembro, de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia ou normativa que a substitúa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As actividades e instalacións en funcionamento na data de entrada en vigor da presente ordenanza, haberán de adecuarse aos contidos da mesma para evitar a presenza no aire de materias que impliquen risco, dano ou molestias para as persoas, seus bens ou o medio ambiente, no prazo de cinco anos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín da Provincia de Pontevedra, conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Sanxenxo, 13 de xullo de 2017

O alcalde

Telmo Martín González

Código seguro de verificación: OQW685VOHKEDZ7B2

